



Abraham Pérez: "Na vida a lectura é fundamental, a escrita é accesoria"

Gaivotas manchadas de petróleo intenta capturar o espírito dos tempos reaccionarios e liberticidas que estamos a vivir

No libro conviven reflexións, aforismos, epifanías cotiás, fendas autobiográficas e ficción

Gaivotas manchadas de petróleo está publicado na colección Buraco Negro do proxecto editorial Menino Morreu

G24.gal 03/03/2025

<https://www.g24.gal/-/abraham-perez-1>

"Cómpre facer figuras, garabatos, debuxos, grafías, para entender, para entendermos". Esta é unha das anotacións que compoñen *Gaivotas manchadas de petróleo*, un diario sen días, quizais un manual de instrucións para abordar a obra do autor, Abraham Pérez que publica a editorial Menino Morreu.

É un libro que quere ser un 'work in progress', un darlle voltas á vida, á morte, ao banal e ao político, ao poético ou ao irónico, á escrita ou á lectura das lecturas.